



**MONFORTE
DE LEMOS**

DON JOSE LUIS RODRIGUEZ VARELA , na súa calidade de VICE-PORTAVOZ do Grupo Municipal Popular no Concello de Monforte de Lemos, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO A LEVAR A CABO MELLORAS NO BARRIO DE COBAS.

EXPOSICION DE MOTIVOS.

O barrio de Cobas é un dos barrios con maior poboación da cidade que creceu de maneira importante nos últimos anos, sen embargo, o barrio de Cobas padece desde fai tempo unha situación de abandono e de falta de atención por parte de este equipo de goberno.

O actual equipo de goberno coñece de sobra os requirimentos dos veciños, pois xa teñen recibido reiteradamente escritos e comunicacións dos veciños e da asociación veciñal constituída neste barrio.

Entre as súas demandas, podemos destacar:

- Un local social para levar a cabo reunións e actividades
- Máis facilidades para a celebración da festividade anual do barrio
- Deterioro das infraestruturas viarias, destacando as beirarrúas da Rúa Ourense.
- Perigo na zona da Barrionca, fronte a rúa Tomás Vázquez, próxima o Río, onde finaliza a baranda da Zona C, encontrándose totalmente deteriorada a valla e en mal estado. Ademais non existen zonas peonís adecuadas, nin limitacións de velocidade, nunha rúa moi transitada polos peóns pola súa proximidade o paseo.
- Falta de mantemento de fincas públicas e privadas provocando maleza desbordada.
- Falta de solucións os vertidos ó río no propio barrio.

En definitiva, un barrio próximo o centro urbano, pero cunha falta de mantemento alarmante. Por ese motivo, presentamos a seguinte proposta de acordo o Pleno da Corporación Municipal para o seu debate e aprobación:

1º.-instar o equipo de goberno a facer un plan de traballo para facer as actuacións que se lle están a expoñer nesta moción .

2º que non discrimine os distintos barrios da cidade e que teñan o mesmo trato de actuacións todos por igual .